

Prezado/a amigo/a:

Diríxome a ti para presentarche o último número da publicación "*InFormación*", correspondente á Programación de cursos da xeira 2009-2010, no que has atopar grande parte das accións formativas ofertadas para traballadores/as en activo pola nosa entidade. A maiores, aproveito para informarte das novas liñas de actuación aprobadas polo Padroado da organización, en relación coas mudanzas que estamos a levar a cabo na nosa estrutura e, en consecuencia, na xestión da oferta formativa para os próximos anos.

Consonte co dito, comunícoche, en primeiro lugar, que na forGA levamos case seis meses deseñando e pondo en marcha un amplo e fondo proceso de reestruturación, dirixido a adaptar a acción formativa para o emprego ás necesidades actuais dos traballadores e traballadoras da nosa nación. A data actual, concluída a 1ª fase, decidimos dar un novo pulo aos proxectos iniciados, encarreirándoos a través de tres eixos básicos de actuación:

1º.- Unha nova imaxe corporativa complementar, na que se mesturan elementos como a estrela vermella con banda azul, co lema: "*en galego sabes máis e, por riba, sabes todo*"; co obxectivo de salientar o noso compromiso co idioma nacional da Galiza.

2º.- Uns instrumentos de xestión e comunicación da acción formativa máis axeitados ao momento actual; dotándonos de aplicacións web de avanzada tecnoloxía para a matriculación, seguimento e control dos cursos, así como de métodos de información masivos: sms, carteo xeralizado, correo electrónico a colectivos e alumnos/as, etc.

3º.- Unha estratexia, ao cabo, orientada cara a diversificación das programacións e actividades en ámbitos relacionados coa sustentabilidade, a cualificación e acreditación da experiencia profesional, as economías alternativas e, naturalmente, a formación e a investigación.

Pois ben, o traballo está iniciado e temos intención de ilo completando durante o ano 2010. Ti mesmo/a, como destinatario/a e/ou autor da formación, has ir acreditando a evolución do programa traxexado. Hoxendía, xa podes ollar as mudanzas emprendidas e beneficiarte de moitas das melloras anunciadas con só acceder ao portal web da forGA: www.forga.org. Dende esa plataforma tes a posibilidade de matricularte nas nosas accións, como alumno/a; de xestionar directamente planos sectoriais e/ou de empresa, como colectivo colaborador; de traballar connosco, como monitor/a e mesmo de facer as suxestións que olles conveniente, como traballador/a interesado/a na formación e no País.

En resumo, estamos na procura de axeitarnos aos novos e difíceis tempos que nos tocaron vivir no mundo do traballo; sintetizando os obxectivos históricos de quen consideramos que o futuro pasa pola libre determinación da nosa nación, cos medios que nos teñen de conducir a ser mulleres e homes máis cualificados, formados, conscientes e activos para provocar que os devanditos obxectivos se acaden canto antes e rexan os destinos deste País.

En Verín, a 3 de Decembro do 2009

Manoel Anxo García Torres
Apoderado Xeral da forGA